

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
O DÍA 31/03/2025
(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

PRESIDENTE

ALBERTO VARELA PAZ

CONCELLEIROS/AS

Lista de asistentes

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

PAOLA MARIA MOCHALES

SONIA OUTÓN CASAL

CARLOS COIRA LOJO

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 31/03/2025 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Comprobada a presenza de tódolos membros e polo tanto de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

SECRETARIA

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 24 de marzo de 2025, que se aprobou por unanimidade.

INTERVENTOR

JULIO FONTAÍÑA COUSO

RÉXIME INTERIOR

PRP2025/1066

Dáse conta do escrito presentado por D. Mariano dos Santos dos Santos, solicitando autorización para instalación dun inchable na Praza da II República do 11 ao 20 de abril de 2025, con motivo da Semana Santa.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda concederlle autorización para a instalación gratuíta en Fexdega (parterres) do 11 ao 20 de abril de 2025, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.

PRP2025/1069

Dáse conta do escrito presentado por Dona Laura Sánchez Barros, solicitando autorización para colocar música ou un altavoz na terraza do bar "As Tapas de Laura Alegría" sito en Arzobispo Gelmírez nº36, os días 16 a 10 de abril de 2025 en horario de 12:30 a 14:30 e de 20:30 a 00:30, así como poñer unha pulpeira ou asar churrasco os mesmos días en horario de 13:00 a 18:00 e de 20:00 a 23:00 horas.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, debendo

axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1071

Dáse conta do escrito presentado por Dona Veronica Carril García, solicitando autorización para instalar un mercado de segunda man na Praza da Peixería, os días 16 (pola tarde) e 17 e 18 de maio de 2025 (durante todo o día).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acorda concederlle autorización par a instalación na Praza da Verdura, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1074

Dáse conta do escrito presentado por Dona Ivanessa Gens Blanco, solicitando autorización para instalar un posto de venda de rosquillas o día 31 de maio de 2025 na Praza da II República con motivo da celebración do Festivala.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local acordase concederlle autorización para instalar o posto na Alameda (Avda. da Mariña), debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza

anteriores ó inicio da actividade.

- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1077

Dáse conta do escrito presentado por D. José Ignacio Castro Lozano, en representación do IES Armando Cotarelo Valledor, solicitando autorización para desenvolver a actividade "SalnésCiencia" na Praza da Peixería, o día 7 de xuño en horario de 18:00 a 20:00 horas e o día 8 de xuño en horario de 9:30 a 20:00 horas.

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1082

Dáse conta do escrito presentado por D. Carlos Godoy Casallerrey, en nome de Asociación de Atención a la Parálisis Cerebral y Aínes Amencer Aspa, solicitando autorización para celebración da segunda edición do Vermú Solidario Solifest na Rúa Camilo José Cela, o día 13 de abril de 2025, en horrio de 11:00 a 21:00 horas e solicitan o corte do paso de vehículos, así como a colaboración municipal de distintos servizos (subministro eléctrico, tarima de 6 x 4 metros, mesas de 3x3 metros, etc) así mesmo solicitan a instalación dunha carpa que cubra a intersección da Rúa Camilo José Cela e valos necesarios para o corte de tráfico.

Visto o informe da Policía Local, a Xunta de Goberno Local acorda conceder autorización para o solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- O corte do paso de vehículos entre o venres 11 ao luns 14 de abril de 2025 na intersección entre as rúas Porto Rey e Alvaro Cunqueiro con Camilo José Cela, para a instalación e desmontaxe da carpa.
- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo

que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1085

Dáse conta do escrito presentado polo Clube Aromón Pontevedra Montañeiros A Roelo no que comunican que o fin de semana 10 e 11 de maio organizarán o PontevedRAID 2025—CAMPIONATO DE ESPAÑA DE RAID DE ORIENTACIÓN E AVENTURA, proba incluída no calendario oficial da Federación Española de Orientación e no calendario da Federación Galega de Orientación.

A proba desenvolverase dentro dos termos municipais dos Concellos de Illa de Arousa, Vilagarcía de Arousa, Caldas de Reis, Moraña, Cuntis e Campo Lameiro o sábado día 10 e o domingo día 11 de maio. Con saída as 12:00h da mañá do sábado e rematando a as 12:00h da mañá do domingo. Tendo as zonas de concentración, saída, meta e transicións nos puntos de coordenadas:

42.56384, -8.8741 Illa de Arousa

42.60148, -8.76661 Praia de Concha (Vilagarcía de Arousa)

42.59037, -8.58847 Moraña

42.57813, -8.52337 Capela de Castro de Orto (Campo Lameiro)

42.60393, -8.64115 Caldas de Reis

Solicitan a colaboración e apoio en materia de de Protección Civil con dúas embarcacións para acompañar o traxecto en kayak dende a Illa de Arousa ata a praia Compostela, e un vehículo para levar o médico e unha enfermeira, como servizo de primeira atención (contratarán ademais un servizo de ambulancia medicalizada) durante o percorrido en bicicleta de Montaña dende a praia Compostela polo monte Xiabre.

Dáse conta do informe do Director Deportivo e Resolución do Presidente da Fundación de Deportes. A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada debendo contar coas correspondentes autorizacións previas de tódolos organismos e entidades que teñan competencia en relación co desenvolvemento da mesma.

PRP2025/1087

Dáse conta do escrito presentado por Dona María Laura Sanchez Barros, solicitando autorización para colocación dun músico no interior do local denominado "As Tapas de Laura Alegría", o día 12 de abril de 2025, en horario de 20:00 a 01:00 horas..

Visto o informe da Policía Local acordase acceder ao solicitado, debendo axustarse ás seguintes condicións:

- Deberá terse en conta que a instalación non impida o uso do mobiliario urbano nin o paso de peóns.
- Deberá aportar póliza de seguros de responsabilidade civil e accidentes para a citada actividade.
- Deberá obedecelo disposto na Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súas emisión sonoras ós límites establecidos na mesma.
- Durante o desenvolvemento da actividade o solicitante deberá responsabilizarse da limpeza do espazo público que ocupe, e unha vez remate deixará a zona nas condicións de limpeza anteriores ó inicio da actividade.
- A ocupación de vía pública para diferentes actividades está gravada con prezo público, polo que si corresponde deberá abonalo no negociado de Rendas.

PRP2025/1091

Dáse conta do escrito presentado polo Club Piragüismo Vilagarcía, no que informa que vai a organizar a Regata da Liga Galega de kayak de mar o domingo 27 de abril o con saídas pendente

de concretar o horario pero que sería de medio día ata o remate pola tarde, para as distintas categorías así como a colaboración municipal, para o desenvolvemento da proba.

Dáse conta do informe do Director Deportivo e da Resolución do Presidente da Fundación de Deportes.

A Xunta de Goberno Local acorda conceder a autorización solicitada, debendo contar previamente coas autorizacións dos organismos e entidades correspondentes que teñan competencia en relación co desenvolvemento da proba.

PRP2025/1153

Dáse conta de informe da Policía Local no que indican que por parte de D. John Harold Pombrol Villaveces, responsable do establecemento LA OFICINA, situado en Rúa Juan García, se procedeu á colocación de ancoraxes no pavimento, para suxeitar o toldo da terraza.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que deberá proceder á inmediata retirada das ancoraxes, de conformidade co establecido na vixente Ordenanza Municipal de Terrazas, que indica: Artigo 22: Ancoraxe.

Non se permitirá o furado do pavimento para ancoraxe de ningún dos elementos da terraza (emesas, cadeiras, parasoles, mamparas...) nin fixalos ós elementos do mobiliario urbano.

Todos eles deberán estar instalados de modo que se garanta a súa estabilidade e seguridade de uso.

PRP2025/1160

Dáse conta do escrito presentado por Dona Maria Josefa Longo Blanco e outros veciños da Rúa Fondo de Vila - Trabanca Sardiñeira, solicitando a colaboración municipal para a instalación de fibra óptica.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda remitir a solicitude á Secretaría de Estado de Telecomunicacións e Infraestruturas Dixitais e á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia - AMTEGA, para que se teña en conta a citada petición en relación coa instalación da fibra óptica no lugar.

EMPREGO

PRP2025/1154

Dáse conta de informe da Área de Emprego en relación coa proposta presentada pola academia Trinidad SL CIF B32379125 de establecer un acordo para a impartición de accións formativas da familia de informática e comunicación dirixidas preferentemente a persoas desempregadas e pertencentes prioritariamente a municipios de menos de 30.000 habitantes(neste caso permítese levar a cabo dito proxecto en municipios de máis de 30.000 habitantes dado que comunican que hai unha marxe de concellos para que así sexa), no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia.

O convenio de colaboración establecería que o concello cedería un espazo destinado de forma exclusiva para a impartición das accións formativas referidas con anterioridade.

A Academia Trinidad SL comprométese a manter o espazo no mesmo estado que se entrega e contar cun seguro de accidentes do alumnado e docentes.

Estas accións formativas veñen a ser unha continuación das xa impartidas no concello en anos anteriores nun programa denominado "Galegas Dixitais" no que se otorgaba as participantes das accións formativas un ordenador portátil. Neste novo programa as diferencias son que os usuarios poderán ser desempregados/as sin límite de idade e que se expedirán os certificados de

profesionalidade correspondentes as accións formativas impartidas.

Vista a proposta da Concellería de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o acordo coa Academia Trinidad SL para a impartición de accións formativas da familia de informática e comunicación dirixidas preferentemente a persoas no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia. desempregadas, no Centro de Formación de Matosinhos.

PRP2025/1212

Dáse conta da ORDEN de 19 de febreiro de 2025 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrència non competitiva, de subvencións para o impulso dunha Rede de mercados excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2025.

As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto actuacións en mercados e prazas de abastos de Galicia que teñan concedido o selo de Mercado Excelente ou estean no proceso previo á súa obtención, así como a dinamización e revitalización das prazas de abastos e mercados de Galicia.

Investimento máximo subvencionable para os concellos:

Mercados e prazas de abastos con selo de mercado excelente: 140.000 €

Anualidade 2025: 70.000 Euros

Anualidade 2026: 70.000 Euros

Prazo de presentación

O prazo para a presentación de solicitudes será dun mes contado desde as 9.00 horas do día 12 de marzo de 2025. Se o último día de prazo é inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte, e se no mes de vencemento non hai día equivalente ao da publicación, entenderase que o prazo expira o último día do mes.

De acordo co artigo 4 da Orde reguladora de subvencións para o impulso dunha rede de Mercados Excelentes de Galicia e a dinamización e revitalización das prazas de abastos para o ano 2025, propónse solicitar axuda para a realización das seguintes accións:

ANUALIDADE 2025

1 - Creación e mellora de servizos a clientela: Na procura de manter a excelencia dos mercados de abastos de Vilagarcía, continuarase a mellora de servizos á clientela, mediante a posta en marcha dun servizo de reparto a domicilio con personal maker. Segundo orzamento, que se xunta, a contía mensual da prestación do servizo é de 1.000,00 € mais IVE, polo que o custo total desta actuación ascende a 7.865,00 € IVE engadido.

O concello debe asumir con fondos propios, a parte non cuberta pola subvención así como os períodos non imputables á mesma debido aos prazos de execución e xustificación establecidos no artigo 1 da Orde Reguladora.

2 - Loxística e comercialización dos produtos: Continúase a afondar na mellora da mesma, mediante a adquisición de packaging sustentable propio do mercado. Dentro desta liña adquiriranse diversos tipos de bolsas reutilizables elaboradas con materiais naturais e sustentables. Segundo orzamento, que se xunta, a contía desta actuación ascende a 18.500,33 € IVE engadido

3- Adquisición de equipamento persoal para os vendedores coa imaxe común e corporativa do mercado. Tentarase manter unha imaxe integral da praza mediante a dotación aos vendedores de equipamento persoal coa imaxe común e corporativa do mercado. Segundo orzamento, que se xunta, a contía desta actuación ascende a 6.000,39 € IVE engadido

4 - Actuacións formativas e de asesoramento dirixidas ao mentoring comercial, aumento da rentabilidade do punto de venda a través de técnicas de visual merchandising, colocación de produto e atención a clientela. Por ser favorecedoras da mellora na prestación do servizo, da

experiencia de compra e mellora competitiva do sector, levaranse a cabo accións de mentoring e formación para as vendedoras e vendedoras da praza de abastos. Segundo orzamento, que se xunta, a contía desta actuación ascende a 2.995,00 € IVE engadido

ANUALIDADE 2026

1 - Creación e mellora de servizos a clientela: Na procura de manter a excelencia dos mercados de abastos de Vilagarcía, continuarase a mellora de servizos á clientela, mediante a posta en marcha dun servizo de reparto a domicilio con personal maker. Segundo orzamento, que se xunta, a contía desta actuación ascende a 6.655,00 € IVE engadido

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS 2025

CONCEPTO	ORZAMENTO				DATA INICIO	DATA FIN
	EXPEDIDOR	BASE IMPOÑIBLE	IVE	TOTAL		
Servizo de reparto a domicilio	CAYLU DELIVERY	6.000,00	1.365,00	7.865,00	15 abril 2025	31 de outubro 2025
Adquisición de packaging propio do mercado	SERILUA MERCHANDISING	15.289,53	3.210,80	18.500,33	15 abril 2025	1 Septiembre 2025
Equipamento para os praceiros coa imaxe do mercado	SERILUA MERCHANDISING	4.959,00	1.041,39	6.000,39	15 abril 2025	1 Septiembre 2025
Accións de mentoring	CDF CONSULTORES	2.995,00		2.995,00	Mayo 2025	Sept. 2005

ORZAMENTO DESAGREGADO DE GASTOS 2026

Servizo de reparto a domicilio	CAYLU DELIVERY	5.500,00	1.155,00	6.655,00	15 nov 2025	30 de abril 2026
--------------------------------	----------------	----------	----------	----------	-------------	------------------

Tal como establece o artigo 1 da Orde reguladora, no caso dos Concellos, consideraranse subvencionables as actuacións previstas nos artigos 4, 5 e 6 das bases reguladoras, sempre que sexan realizadas e efectivamente pagadas nos seguintes períodos subvencionables:

Anualidade 2025: desde o 1 de xaneiro de 2025 ata o 14 de novembro de 2025.

Anualidade 2026: desde o 15 de novembro de 2025 ata o 15 de setembro de 2026.

Custo das actuacións, subvención solicitada e aportación municipal, desagregadas por anualidades:

ANUALIDADE	CUSTO TOTAL ACTUACIÓNS (IVE INCLUIDO)	SUBVENCIÓN SOLICITADA (80%)	APORTACIÓN MUNICIPAL *
2025	35.360,72	28.288,58	7.536,75*
2026	6.655,00	5.324,00	1.331,00*
TOTAL	42.015,72	33.612,58	8.867,75 €

A aportación municipal para o ano 2025 inclúe, ademais do 20% do montante total das actuacións o custo correspondente a 14 días de prestación do servizo de reparto a domicilio non imputables á subvención, atendendo aos prazos límite de execución, aboamento e xustificación establecidos no artigo 1 da Orde reguladora (15 de novembro de 2025).

A aportación municipal para o 2026, equivale ao 20% da custo total das actuacións.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a solicitude de subvención no marco da Orde reguladora das axudas para o impulso da Rede de Mercados Excelentes de Galicia e para a Dinamización e Revitalización das prazas de abastos para 2025, por contía de 33.612,58€ (equivalente ao 80% do custo total das actuacións), e do compromiso de facer fronte á aportación municipal da cantidade de 8.867,75 €, segundo a desagregación indicada no apartado TERCEIRO da presente proposta, con cargo á partida orzamentaria 4311-22610 do orzamento vixente.

EDUCACIÓN, SANIDADE E MERCADOS

EDUCACIÓN

PRP2025/1068

Pola Dirección da Escola Municipal de Música dáse conta da realización dunha Master Class impartida polo profesor e ex-director da Escola Municipal de Coruña D. Jose Antonio Acuña Fernández, coa denominación Conceptos básicos harmonía, arranxos e improvisación, actividade

proposta polo claustro de profesores, promovida pola Concellería de Educación e coa colaboración da ANPA Atril de Vilagarcía.

Levarase a cabo o día 4 de abril en horario de 16:00h. a 20:00h. na sala de concertos da Escola Municipal de Música. A Master Class será gratis para o alumnado do centro e do Conservatorio Profesional de Vilagarcía. Os gastos de desprazamento e dietas do profesor D. Jose Antonio Acuña Fernández serán cubertos grazas a colaboración da ANPA Atril de Vilagarcía que tamén ofrece a súa dispoñibilidade para xestionar as cuotas (si houbera) co destino que lle sexa indicado.

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar a realización da Master Class indicada.

PRP2025/1150

Dáse conta de Informe da Directora do Conservatorio Profesional de Música en relación coa proposta da profesora de guitarra deste centro, M^a Begoña González Larriba, a cal se achega a este informe, sobre a organización dunha Saída cultural á cidade de Vigo prevista na Programación Xeral deste centro para o curso 2024-2025.

A saída realizarase na tarde do día 8 de abril de 2025, entre as 17:53 e as 22.30h., asistindo ao concerto que ofrecerán Manuel Morales, frauta, y Ahmed Dickinson Cárdenas, no Auditorio Martín Códax do Conservatorio Superior de Música de Vigo.

O desprazamento ata Vigo e regreso do alumnado participante realizarase en tren, cun custo aproximado de 15 € que satisfará cada un dos alumnos participantes. O resto das actividades son de balde.

A profesora Begoña González Larriba estará en todo momento presente durante o desenvolvemento de dita actividade.

Por todo o anteriormente exposto, a Xunta de Goberno Local acorda autorizar a Saída Cultural a Vigo organizada pola profesora de guitarra deste centro, Dna. M^a Begoña González Larriba e que terá lugar o vindeiro martes 8 de abril de 2025.

PRP2025/1152

Dáse conta da proposta da Directora do Conservatorio Profesional de Música, para os Concertos da VIII Edición do Festival Internacional de Música Clasclas 2025.

O prezo que se propón que o Concello cobre para os concertos de pago desta VIII edición son os seguintes:

- 5,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para os concertos dos días 21,24,26,27 e 28 de xuño no Auditorio Municipal
- 5,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para o concertos do día 22 de xuño pola tarde no Salón García
- 31,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para o concerto do día 25 de xuño no Pazo da Gorpelleira
- 3,00 € máis os gastos de xestión que correspondan segundo o contrato asinado con Afundación, para os concertos dos días 22, 27 e 28 de xuño pola mañá no Salón García e Igrexa de Vistalegre correspondentes ao programa clasclás matinée

O concerto que terá lugar no Pazo da Gorpelleira o 25/06/2025 organizarase, como nos anos anteriores, coa empresa Cocina Gallega Contemporánea S.L. con CIF B94129095 – Sens Restauración - que realiza habitualmente o servizo de restauración deste espazo.

A velada celebrarase na carpa situada nas instalacións do Pazo, tendo lugar a continuación un servizo de catering nos xardíns deste emblemático espazo ofrecido pola dita empresa.

Os ingresos e Gastos previstos son os seguintes:

Ingresos estimados:

DATA	LOCALIZACION	AFORO	Nº DE ENTRADAS Á VENDA	IMPORTE DE CADA ENTRADA	INGRESOS ESTIMADOS TOTAIS
21/06/2025	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	680	5,00 €	3.400,00 €
22/06/2025	Igrexa de Vistalegre	180 localidades	145	3,00 €	435,00 €
22/06/2025	Salón García	249 localidades	200	5,00	1.000,00
24/06/2025	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00€
25/06/2025	Pazo da Gopelleira	368 localidades	265	31,00 €	8.215,00 €
26/06/2025	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00 €
27/06/2025	Salón García	249 localidades	200	3,00	500,00 €
27/06/2025	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	500	5,00 €	2.500,00 €
28/06/2025	Salón García	249 localidades	200	3,00	500,00 €
28/06/2025	Sala Principal Auditorio Municipal	754 localidades	680	5,00 €	3.400,00 €
TOTAIS		5.065	3870		24.950,00 €

En base á venda das entradas anteriormente sinaladas estimanse uns ingresos totais de 24.950,00 €

A Xunta de Goberno Local acorda aprobar o establecemento do prezo público para a venda das entradas dos concertos da VIII edición do Festival Internacional de Música clasclás 2025 ao abeiro da Ordenanza Fiscal nº III.2 reguladora do prezo público por impartición de cursos, ludotecas, viaxes, campamentos xuvenís e outras actividades de carácter deportivo e/ou socioculturais organizadas polo concello que terán lugar no Auditorio Municipal, Pazo da Gopelleira, Salón García e Igrexa de Vistalegre entre o 21 e o 28 de xuño de 2025 e segundo se indica de seguido:

Programa	Localización	Prezo público
Programa Artístico	Auditorio Municipal (21,22,24,26,27 e 28 de xuño) e Salón García (22 xuño)	5,00 €
Programa Artístico	Pazo da Gopelleira (25 de xuño)	31,00 €
Programa clasclás matinée	Salón García (27/06 e 28/06) e Igrexa Vistalegre(22/06)	3,00 €

TURISMO E MEDIO AMBIENTE

MEDIO AMBIENTE

PRP2025/1161

O día 04.03.2025 a Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes e a FEGAMP asinaron un convenio para establecer o marco para dar continuidade á execución de forma coordinada do Programa Galego de Vixilancia e Control fronte á Avespa Asiática en 2025 entre a Xunta de Galicia e os concellos galegos.

Este convenio constitúe o marco xurídico xeral de todas as entidades locais galegas coa finalidade de garantir a realización das actuacións necesarias que permitan a contención e seguimento da Vespa velutina, tendo en conta que este insecto afecta principalmente á produción apícola, tendo tamén repercusións sobre a biodiversidade e a seguridade cidadá.

A adhesión a este convenio implicará que o concello se compromete a:

- Coordinarse coa xunta de Galicia nas actuacións de retirada de niños de forma que cando así se precise presten a súa colaboración, levando a cabo por medios propios as actuacións

necesarias para simplificar e facilitar os labores de retirada e eliminación de niños de vespa velutina, por requirimento da Xunta de Galicia ou por propia iniciativa.

- Impulsar, promover e difundir entres os seus administrados e o seu persoal a información relativa ao programa de retirada de niños de vespa velutina da Xunta de Galicia.

Polo seu lado a Xunta de Galicia comprométese a coordinar as actuacións de eliminación e retirada de niños e, en concreto a :

- potenciar o portal de internet “Eido local” impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais para dar información actualizada.
- ter a disposición dos concellos un sistema de avisos que se canalizarán polas chamadas recibidas polo 012 e informar as entidades locais da xestión de todos os avisos de niños de Vespa velutina recibidos por esta canle respecto do seu ámbito territorial.
- Garantir nos concellos a xestión dos avisos de presenza de niños de vespa velutina segundo o programa de vixilancia e control fronte a avessa asiática

Todas as entidades galegas deberán formalizar a súa adhesión por escrito no prazo máximo dun mes dende a sinatura do convenio.

Vista a proposta da Concellería de Medio Ambiente, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a adhesión deste Concello ao citado convenio asinado entre a Xunta de Galicia e a FEGAMP.

CONTRATACIÓN

PRP2025/1086

Dáse conta de Resolución da Presidencia da Deputación Provincial de Pontevedra, pola que se concede unha subvención ao concello de VILAGARCÍA DE AROUSA, CIF:P3606000B, ao abeiro do II Plan extraordinario de infraestruturas deportivas (II PEID), por importe de 17.218,77 euros co obxecto do financiamento da actuación denominada “SUBMINISTRACIÓN E ACONDICIONAMENTO PARA O XIMNASIO DO PAVILLÓN MUNICIPAL DE FONTECARMOA I”, Expediente nº 2025003636 cuxo orzamento ascende a 17.218,77 euros, quedando a concesión configurada tal e como se reflicte na seguinte táboa:

Orzamento	Subvención II PEID	Achegas doutras administracións públicas	Fondos propios do Concello
17.218,77€	17.218,77€	0,00 €	0,00 €

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

PRP2025/1097

Con data 27 de marzo de 2023, rexistro de entrada do 29 de marzo de 2023 (2023004575), foi ditada Resolución pola Dirección de Augas de Galicia aos efectos de outorgar autorización ao Concello de Vilagarcía de Arousa para as obras de ampliación de saneamento na rúa Torre de Guillán.

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do día 8 de abril de 2024, adoptou acordo de aprobación do proxecto denominado “Ampliación de saneamento na rúa Torre de Guillán e rúa Bernardas”, redactado polo enxeñeiro técnico ao servizo do Concello de Vilagarcía de Arousa, don Óscar Álvarez González, cun orzamento (IVE engadido) de 88.837,84€.

Entre as condicións particulares establecidas na autorización das obras de Augas de Galicia, o punto 10 indica que “O prazo para a realización das obras é de 24 meses (vinte e catro meses), contado a partir do día seguinte da recepción desta resolución. Finalizado este prazo extinguirase

a validez da autorización, salvo que se solicite e obteña unha prórroga antes do esgotamento do prazo. (...)”. Por tanto, o prazo para iniciar as obras remataría o 29 de marzo de 2025.

Visto que a licitación das devanditas atópase en tramitación, pois xa foi ditada providencia de incoación do expediente de contratación, o cal se realizará mediante procedemento aberto simplificado e tramitación ordinaria. Tendo en conta os trámites que faltan ata a adxudicación do contrato, así como os prazos de presentación de ofertas establecidos legalmente, e as fases do expediente previas á adxudicación e formalización do contrato, que se poden ver dilatadas no tempo en función do número de empresas que se presenten á licitación e da posible existencia de ofertas que incorran en presunción de anormalidade; con data 24 de xaneiro de 2025 solicitouse a Augas de Galicia unha ampliación de 3 meses máis do prazo establecido na Resolución de autorización para iniciar as obras de “Ampliación de saneamento na Rúa Torre de Guillán e Rúa Bernardas” . Con data 19 de marzo de 2025 (registro de entrada 2025004433) recíbese requirimento de Augas de Galicia, indicando que se deberá realizar o pagamento das taxas correspondentes á tramitación do procedemento de prórroga de expediente en materia de Augas, e comunicando os datos para a autoliquidación das devanditas taxas de acordo co establecido na vixente Lei de Orzamentos da Comunidade de Galicia e co detalle seguinte:

CÓDIGO	DESCRIPCIÓN	IMPORTE
31.30.23	Prórrogas en materia de Augas	20,00€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

1. Aprobar o gasto relativo ao documento de pago das taxas esixidas polo servizo de Augas de Galicia, da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, por un importe de 20,00€, para a tramitación da prórroga de expediente en materia de Augas, para a realización das obras de “ampliación de saneamento na rúa Torre de Guillán e rúa Bernardas”.
2. Ordenar o pago destas taxas con cargo á aplicación orzamentaria 920 22501.

PRP2025/1098

A piques de rematar o papel para fotocopiadoras dos distintos departamentos do Concello, faise necesario dotar aos mesmos de papel DIN-A4 de 80 gr. para as distintas fotocopiadoras das dependencias municipais co fin de levar a cabo o bo funcionamento desta administración.

Solicitadas dúas ofertas a empresas especializadas no sector para a adquisición do subministro de 1000 paquetes de papel DIN-A 4 de 80 gr para as fotocopiadoras das dependencias do Concello, presentaron oferta as seguintes empresas:

- Redinor S.L. cun importe de 4.331,80 € (IVE engadido)
- Paz Dismac, S.L. por importe de 4.779,50 € (IVE engadido)

O prazo de execución deste contrato menor de subministro será de 2 días.

E visto o que antecede, ao tratarse dun contrato menor de subministro de acordo co establecido no artigo 118 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, a Xunta de Goberno Local acorda a adxudicar o contrato menor de subministro denominado “SUBMINISTRO DE PAPEL PARA FOTOCOPIADORAS DO CONCELLO DE 1000 PAQUETES DIN-A 4 DE 80 GR. CT 35/2025-e, á mercantil REDINOR, SL, con NIF B36127405 por importe de 3.580,00 € (IVE excluído), 751,80 € (21% de IVE) cun importe total de 4.331,80 por ser a mellor oferta calidade-precio con cargo á aplicación orzamentaria 920-22000 do orzamento vixente.

PRP2025/1116

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2025, BOPPO nº 1, publica as

bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 13 de xaneiro de 2025, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2024	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.482.114,40€	1.037.902,92€	123.065,63€	284.681,94€	37.067,97€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán”, redactado polo enxeñeiro industrial don Francisco Javier Zubía Fernández, de Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L. (Zubía Ingenieros), cun orzamento de 775.759,57€ (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 775.759,57€ para financiar o investimento “Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán”.

PRP2025/1117

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2025, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 13 de xaneiro de 2025, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2024	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.482.114,40€	1.037.902,92€	123.065,63€	284.681,94€	37.067,97€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación dos servizos de saneamento e abastecemento na rúa Ameal”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, Óscar Álvarez González, cun orzamento de 97.672,23 € € (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 97.672,23 € para financiar o investimento “Ampliación dos servizos de saneamento e abastecemento na rúa Ameal”.

PRP2025/1118

A Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o día 28 de outubro de 2024, acordou aprobar o proxecto técnico denominado “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea, redactado polo Enxeñeiro Técnico Municipal D. Óscar Álvarez González, cun importe de licitación de 92.390,94 € (IVE engadido).

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2025, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 13 de xaneiro de 2025, relativa á

aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2024	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.482.114,40€	1.037.902,92€	123.065,63€	284.681,94€	37.067,97€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 92.390,94€ para financiar o investimento “Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea”.

PRP2025/1119

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2025, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos, incluídos os de carácter plurianual.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 13 de xaneiro de 2025, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2024	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.482.114,40€	1.037.902,92€	123.065,63€	284.681,94€	37.067,97€

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o documento técnico denominado “Plan de Implantación de redutores de velocidade en viais municipais”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, Óscar Álvarez González, cun orzamento de 48.092,66€ (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 48.092,66€ para financiar o investimento “Plan de Implantación de redutores de velocidade en viais municipais”.

PRP2025/1120

O Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra do 2 de xaneiro de 2025, BOPPO nº 1, publica as bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 destinado a colaborar nas obras e servizos de competencia municipal dos concellos de menos de 50.000 habitantes da provincia. Este Plan está conformado por 4 liñas, estando a liña 1 dedicada aos investimentos.

Vista a Resolución Presidencial da Deputación de Pontevedra, do 13 de xaneiro de 2025, relativa á aprobación da cantidade total e que por liña lle corresponde a cada concello, que dispón para o concello de Vilagarcía de Arousa as seguintes cantidades:

CONCELLO	TOTAL 2024	LIÑA 1	LIÑA 2	LIÑA 3	LIÑA 4
Vilagarcía de Arousa	1.482.114,40€	1.037.902,92€	123.065,63€	284.681,94€	37.067,97€

Tendo en conta que a disposición xeral cuarta das bases reguladoras do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025 establece que o traspaso de crédito das liñas 2, 3 e 4 cara a liña 1 pode producirse en calquera momento e sen límite, sería necesario o traspaso da liña 4 á liña 1, da cantidade de 37.067,97 €, co obxecto de financiar o custe do investimento denominado “Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro”.

Liña 4. Total concedido	37.067,97 €
Arrastre a liña 1	-37.067,97€
Saldo liña 4	0€

Con esta transferencia da liña 4, os investimentos financiados con cargo á liña 1 poderían acadar o

seguinte importe máximo:

Liña 1	Arrastre liña 4	Total liña 1 (engadida a transferencia da liña 4)
1.037.902,92€	37.067,97	1.074.970,89€

De acordo co que antecede, tras a suma do importe da liña 4 á da liña 1, este concello ten previsto realizar as seguintes solicitudes de subvención con cargo á cita da liña 1:

Investimentos para solicitar con cargo á liña 1	Importe da solicitude
Plan de implantación de redutores de velocidade en vías municipais	48.092,66€
Ampliación dos servizos de saneamento e abastecemento na rúa Ameal	97.672,23€
Ampliación de saneamento e abastecemento na rúa Muíños de Cea	92.390,94€
Humanización da rúa Bouza de Abaixo - Vilaxoán	775.759,57 €
Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro	61.221,09€
IMPORTE TOTAL INVESTIMENTOS	1.075.136,49 €
SUMA LIÑA 1 E 4	1.074.970,89€
Aportación municipal	165,60 €

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local acorda:

- 1.- Aprobar o proxecto técnico denominado “Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro”, redactado polo enxeñeiro técnico municipal, don Óscar Álvarez González, cun orzamento de 61.221,09€ (IVE engadido).
- 2.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra o traspaso de 37.067,97 € da Liña 4 á Liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025.
- 3.- Solicitar da Deputación Provincial de Pontevedra, con cargo á liña 1 do Plan de Obras e Servizos de competencia municipal (PLAN MÁIS PROVINCIA) 2025, a cantidade de 61.055,49 € para financiar o investimento “Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro”.
- 4.- Aprobar a aportación municipal por importe de 165,60€ para a financiación do investimento denominado “Mellora do firme na rúa Fontecarmoa e Travesías Rosalía de Castro”.

PRP2025/1121

Por acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión celebrada o 17 de abril de 2023, aprobouse o proxecto técnico denominado “Ampliación das instalacións e piscinas municipais de Fontecarmoa”, redactado polo arquitecto Jesús San Vicente Domingo, cun orzamento de 2.631.499,45 € (sen IVE); 3.184.114,33€ (IVE engadido).

